

ACTA Nº 16-2012

DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 27/09/2012-

Marxe que se cita:

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:05 horas** reúnen os/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria (atrasada unha semana conforme a posibilidade acordada no réxime de sesións polo pleno municipal do 30/06/2011 cando se trata do mes de agosto)

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Agueda Bello Valdés

Constatada a presenza de membros en quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.-CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 3/2012.

4º.- DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS 1/2012.

5º.- PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS: SOLICITUDE, APROBACIÓN E DECLARACIÓNS.

6º.- RATIFICACION RELATIVA AO PROGRAMA DE EMPREGO- XUNTA – DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA 2012: CONCESIÓN POLO CONCELLO DE RIANXO DE ENCOME.

7º.- MOCIONS DE URXENCIA.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES

Acta Nº 14 Sesión ordinaria do día 06 de setembro de 2012

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns quere engadir na súa intervención no punto da única moción (apartado 6.1 da sesión plenaria), páxina 13, que tamén fixo mención a que o Goberno do PSOE tamén fixo reformas en contra dos traballadores. E así propón a seguinte emenda á acta:

- Onde di: << Esta situación está sistemáticamente en contra dos mais débiles en vez de ir en contra dos estafadores, banqueiros e corruptos. Tamén quere apuntar que era millor que esta moción se mandara ao goberno de Feijóo para que o pedira ao goberno estatal.>>
- Debe dicir: <<Esta situación está sistemáticamente en contra dos mais débiles en vez de ir en contra dos estafadores, banqueiros e corruptos. Igualmente o goberno do PSOE levou adiante reformas laborais e económicas que ían en contra dos traballadores. Tamén quere apuntar que era millor que esta moción se mandara ao goberno de Feijóo para que o pedira ao goberno estatal.>>

Non habendo outras observacións ao respecto queda APROBADA a citada acta **coa rectificación indicada** por unanimidade dos presentes, 16 dos 17 que legalmente a constitúen.-

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de agosto de 2012 ata o 31 de agosto de 2012, que comprenden os números 422/2012 ao 467/2012, de cuxa relación deuse copia aos voceiros dos grupos.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta N° 17 Sesión extraordinaria do día 31 de agosto de 2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- CREDITO EXTRAORDINARIO N° 3/2012

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Á vista do expediente sobre modificación de créditos do orzamento municipal de gastos para o actual exercicio, no que se engaden créditos extraordinarios por un importe de trescentos sesenta e sete mil cento once euros con sesenta e oito céntimos, para facer fronte ás obrigas que derivan da aplicación do Real decreto lei 4/2012.

Sendo que o expediente das modificacións se tramitou en virtude de providencia da Alcaldía de data 20/06/2012 e memoria xustificativa correspondente, utilizándose como recursos para a súa financiación operación de endebedamento derivada do Real decreto lei 4/2012 constando no expediente informes de Intervención e demais regulamentarios.

Discutidos tódolos pormenores que figuran na referida memoria, obxecto e finalidade dos novos créditos, considerando o carácter urxente das obrigas a cargo da Corporación e que as modificacións que se propoñen non producirán perturbacións dos servizos nin dos intereses municipais, **esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Aprobar a proposta de modificación de créditos referida pola cantidade reflectida debendo proceder ás anotacións contables nas aplicación que se reflicten na memoria, segundo se motivou no expediente, o resumo do cal é o que a continuación se detalla,

	Nº Fact.	NºReg.	Proveedor y Concepto	Partida	Importe
1	218-11	1734	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos do Serán do Mar 2011	2011.0.330.0.21300	365,80 €
2	222-11	1735	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos en Festas Sacramento 2011	2011.0.330.0.21300	600,01 €
3	008/11	2143	Escola de Musica de Rianxo Actuacións o 27-08-2011 e 13-09-2011	2011.0.338.0.22699	3.400,00 €
4	4011E	2170	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Material para Protección Civil	2011.0.134.0.21400	278,00 €
5	520	2270	Jose Alberto Miguéns Miguéns Vaciar baños Festas Guadalupe 2011	2011.0.330.0.22699	944,00 €
6	283/11	2276	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Actos celebrados os días 19 e 20-08-2011 Alameda	2011.0.165.0.21300	259,60 €
7	288/11	2277	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Instalac.cadro distribución no Cuartel Vello	2011.0.165.0.21300	312,78 €
8	301/11	2278	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Montaxe dispos. electr. no lugar de Leiro	2011.0.165.0.21300	472,00 €
9	305/11	2279	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Reposición apliques Paseo Marítimo-actos vandálico	2011.0.165.0.21300	998,28 €
10	310/11	2280	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Instala. proxectores Festas Guadalupe 2011	2011.0.165.0.21300	1.359,36 €
11	314/11	2281	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Modif. líneas eléctricasno alumado de Isorna	2011.0.165.0.21300	228,46 €
12	315/11	2282	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Suministro repostos para pílona telescópica H275	2011.0.165.0.21300	198,24 €
13	306/11	2283	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Instala. eléctric. en Rianxiño (Cabanas Carruseles	2011.0.165.0.21300	2.725,68 €
14	12	2287	Mª Angeles Bravo Bandexa Cunill	2011.0.912.0.22601	59,75 €
15	10	2288	Mª Angeles Bravo Bandexa Viena pequena e gravado	2011.0.912.0.22601	62,00 €
16	5	2289	Mª Angeles Bravo Placa pergamino 29*23 Xubilación Abuín Frieiro	2011.0.912.0.22601	85,05 €
17	4	2290	Mª Angeles Bravo Bandexa de prata. Uxío-Ricardo	2011.0.912.0.22601	169,80 €
18	3	2291	Mª Angeles Bravo Cesta prata pequena c/peana.	2011.0.912.0.22601	56,20 €
19	A-38727	2336	Comercial Duarte, S.A. Arranxos maquinaria de parques e xardíns	2011.0.171.0.21000	44,62 €
20	T09001662	2350	Talleres Rianxo, S.L. Revisión vehículo 5107-FWR Protección Civil	2011.0.134.0.21400	1.323,99 €
21	2011-11	2403	Construcciones Oñial, S.L. Pavimentación urb. entorno do Auditorio	2011.0.330.0.63100	34.864,17 €
22	2011-09	2404	Construcciones Oñial, S.L. Demolición e arranxo terreo urb. entorno Auditorio	2011.0.330.0.63100	33.574,34 €
23	2011-10	2405	Construcciones Oñial, S.L. Instalacións urba. entorno do Auditorio	2011.0.330.0.63100	21.178,94 €
24	977	2406	Television Barbanza S.L. Reportaxe Feira Mariñeira 2011 de 16 minutos	2011.0.330.0.22601	2.360,00 €
25	1026	2407	Television Barbanza S.L. Reportaxe Festa da Xouba2011 de 22 minutos	2011.0.330.0.22601	2.360,00 €
26	A-38985	2436	Comercial Duarte, S.A. Arranxos cortador Husqvarna 375K	2011.0.171.0.21000	10,53 €
27	A-38986	2437	Comercial Duarte, S.A. Materiais arranxos mantemento maquinaria obras	2011.0.171.0.21000	191,55 €
28	2011-458	2475	Hispania Protección y Seguridad, S.L. Revisión e recarga extintores Auditorio	2011.0.330.0.21300	339,46 €
29	15	2554	MªAurora y MªIsabel Ces Tarrío,S.C. Ramos e coroas ofrendas florais. Guadalupe 2011	2011.0.330.0.22699	180,00 €
30	010/11	2556	Escola de Musica de Rianxo Actuacións realizadas nomarco outono cultural2011	2011.0.330.0.22699	400,00 €
31	65	2610	Establec. Ordoñez, S.L. 12 vasoiras para CuartelVello e Colexio Castelao	2011.0.321.0.22699	55,80 €
32	1404	2632	Vidrieras Compostela, S.L. Cristais para Colexios Brea Segade e Ana Mª Diegue	2011.0.321.0.21200	542,80 €
33	A-39270	2636	Comercial Duarte, S.A. Materiais mantemento motoserra Rastoil e arranxos	2011.0.171.0.21000	34,56 €
34	2011-504	2648	Hispania Protección y Seguridad, S.L. Revisión 4º trimestre doCPI. Auditorio	2011.0.330.0.21300	720,61 €
35	211	2649	Droguería Cambeses (Luz Divina Rebolledo Fernán- dez) 2 garrafas 5 litros fairi e 5 botes limpiacristale	2011.0.171.0.21000	24,90 €
36	374/11	2651	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxos na Carballeira siniestro	2011.0.165.0.21300	1.935,78 €

37	375/11	2652	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxos alumeado siniestro en Rianxiño	2011.0.165.0.21300	590,28 €
38	394/11	2653	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo luminarias en Ctra. cruce Rinlo-Pazo	2011.0.165.0.21300	113,28 €
39	365/11	2654	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo PC cámaras policía local	2011.0.165.0.21300	148,00 €
40	380/11	2655	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo e reposición dispositivos no Paseo Marítimo	2011.0.165.0.21300	931,76 €
41	368/11	2656	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos feitos na CasaMuseo de Manuel Antonio	2011.0.165.0.21300	21,90 €
42	334/11	2657	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Reposición dispositivos en soportales P.Ribeira	2011.0.165.0.21300	594,72 €
43	364/11	2659	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Tramitar documentación legalización recadación	2011.0.165.0.21300	125,00 €
44	370/11	2660	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo columna-farola na urba. A Martela	2011.0.165.0.21300	65,87 €
45	321/11	2661	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos feitos no lg. de Leiro-pista Teleclub	2011.0.165.0.21300	448,40 €
46	335/11	2662	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traslado de apoio formigón no lg. de As Cortes	2011.0.165.0.21300	795,32 €
47	332/11	2663	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos feitos no lg. de Rañó	2011.0.165.0.21300	329,10 €
48	331/11	2664	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos feitos no lg de Isorna	2011.0.165.0.21300	82,60 €
49	11/1249	2811	Bandín Audio Traballos feitos no auditorio,maio ata decembro 11	2011.0.330.0.22699	9.388,08 €
50	224/11	2840	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxos no Pase Marítimo vandalismo 23-06-11	2011.0.165.0.21300	902,11 €
51	223/11	2841	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo alumeado soportales Paseo da Ribeira	2011.0.165.0.21300	148,68 €
52	204/11	2842	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos feitos no lg. de Campo Maneiro	2011.0.165.0.21300	762,07 €
53	197/11	2843	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Reposición bobinas fontes (Barca) Paseo portuario	2011.0.165.0.21300	125,08 €
54	196/11	2844	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos feitos nas fontes do Parque Galicia	2011.0.165.0.21300	194,16 €
55	195/11	2845	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo placa electrónica fonte Paseo da Ribeira	2011.0.165.0.21300	139,00 €
56	194/11	2846	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo avería eléctrica. Rianxiño-Barral	2011.0.165.0.21300	101,98 €
57	193/11	2847	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo pantalla iluminación Paseo da Ribeira	2011.0.165.0.21300	34,27 €
58	192/11	2848	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo de columna-báculo urb. Rianxiño	2011.0.165.0.21300	127,44 €
59	191/11	2849	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo punto de luz en Río de Cima	2011.0.165.0.21300	28,32 €
60	190/11	2850	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos feitos na escola unitaria Abuín	2011.0.321.0.21200	43,01 €
61	189/11	2851	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo de alumeado urb.Virxe de Guadalupe	2011.0.165.0.21300	128,08 €
62	188/11	2852	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Revisión e mantemento caldeira de calefacción	2011.0.165.0.21300	127,44 €
63	186/11	2853	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxo avería eléc. xardíns do Paseo da Ribeira	2011.0.165.0.21300	296,76 €
64	185/11	2854	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Traballos feitos no parking municipal	2011.0.165.0.21300	266,60 €
65	281/11	2869	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Reposición luminaria zona Campo de Arriba	2011.0.165.0.21300	160,48 €
66	280/11	2870	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Instalac. novo pto. luz en Brión	2011.0.165.0.21300	309,16 €
67	279/11	2871	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Instalación novo pto. luz en Abuín	2011.0.165.0.21300	486,16 €
68	269/11	2872	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Arranxos feitos no PaseoMarítimo de Rianxo	2011.0.165.0.21300	1.508,10 €
69	268/11	2873	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Festa da Xouba 2011	2011.0.165.0.21300	306,80 €
70	253/11	2875	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Actos organizados polas GUADALUPEÑAS	2011.0.165.0.21300	177,00 €
71	252/11	2876	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Actos organizados por Deportes	2011.0.165.0.21300	59,00 €
72	250/11	2877	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Reformar alumeado público en Isorna	2011.0.165.0.21300	613,12 €
73	249/11	2878	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Instalación novo proxector ilumin. xunto bibliotec	2011.0.165.0.21300	397,31 €
74	248/11	2879	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Reforma alum. público noPazo	2011.0.165.0.21300	405,94 €
75	271/11	2880	Ramón y Óscar Tubío, S.L. Suministro toner impresora cámara vixilancia	2011.0.132.0.22000	146,20 €
					134.345,64 €

Coas modificacións acordadas, o resumo por capítulos do vixente orzamento de gastos queda fixado segundo se detalla a continuación:

CAPÍTULOS.	Consignación antes deste expediente.	Disminucións por baixas por anulación	Aumentos por crédito extraordinario	Total da consignación resultante.
1.- GASTOS DE PERSONAL.	2.451.641,13 €	0,00 €	0,00 €	2.451.641,13 €
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS.	1.922.917,59 €	0,00 €	134.345,64 €	2.057.263,23
3.- GASTOS FINANCIEROS.	284.799,50 €	0,00 €	0,00 €	284.799,50 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES.	118.225,00 €	0,00 €	0,00 €	118.225,00 €
6.- INCREMENTOS REAIS.	195.781,98 €	0,00 €	€	195.781,98 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	55.000,00 €	0,00 €	0,00 €	55.000 €
8.- ACTIVOS FINANCIEROS.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9.- PASIVOS FINANCIEROS.	1.129.286,65 €	0,00 €	0,00 €	1.129.286,65 €
TOTAIS.....	6.157.651,85	0,00 €	134.345,64 €	6.291.997,49 €

II.II.- Recurso financeiro.-

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
911.00	Prestamos recibidos a l/p de entes do sector publico	134.345,64 €

Segundo.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 27/09/2012, sendo este favorable.

O alcalde comenta que son facturas xa pagadas dentro do Plan de axuste, non son facturas a maiores senón que se está a continuar coa tramitación do expediente.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran non vai intervir.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que se trata de algo que hai que tramitar despois de pagar.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que son facturas que teñen que ser pagadas pero non deberían selo ao prezo co que pide o Plan de axuste aos concellos vía este real decreto.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 11 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 5 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

4.- DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS 1/2012

O Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Vista a necesidade de declarar como créditos no dispoñibles os destinados a retribuír a paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 ao abeiro do Real decreto lei 20/2012 por importe de 106.536,43 € xa que segundo o apartado 4 do artigo 2 do Real decreto 20/2012 “As cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de acordo co disposto neste artigo destinaranse en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, ...”

Visto o informe de secretaria de data 21 de setembro de 2012 en relación ao procedemento e a lexislación aplicable e o informe de intervención sobre a viabilidade de realizar a declaración de non dispoñibilidade dos créditos por importe de 106.536,43 € nas partidas correspondentes do capítulo 1º do orzamento municipal.

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a declaración de non dispoñibilidade dos créditos orzamentarios segundo o seguinte desglose:

Aplicación orzamentaria		Euros
Funcional Económica		
152.2g	14300	1.688,96
164	13000	559,43
231	13000	4.908,74
231	14300	2.308,55
241	14300	1.179,53
241	13000	1.55403
312	13000	884,34
312	14300	769,56
321	13000	3.699,55
323	14300	976,60
330	13000	5.191,87
330	14300	7.540,01
340	13000	4.573,61
340	14300	1.169,23
432	14300	1.172,67
453	14300	11.654,22
453	13000	7.836,57
920	13000	4.318,21
920	14300	2.191,55
934	14300	4.019,96
920	12000	1.705,73
920	12001	1.397,58
920	12004	2.340,63
920	12101	2.162,82
132	12001	1.395,63

132	12001	11.124,51
132	12101	6.037,33
321	12005	2.971,28
321	12101	1.068,65
150	12000	1.382,56
150	12101	2.239,99
163	12005	974,71
163	12101	335,64
934	12000	2.416,40
934	12003	1.122,11
934	12004	1.049,39
934	12101	3.806,17
TOTAIS		106.536,43

Segundo.- Dar conta do presente acordo a Intervención para que proceda a levar a cabo as anotacións contables e orzamentarias correspondentes>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 27/09/2012, sendo este favorable.

O alcalde comenta a proposta engadindo que se debe a unha nota informativa do 05 de setembro de 2012 que ditou o Ministerio de Política Territorial concretando este “secuestro” de paga ao persoal municipal ata o 2015 en que seica se recuperará, podería ir incluso contra a autonomía municipal.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que se van abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que da o visto bo aínda que non están de acordo, sobre todo sen saber a onde van a ir eses cartos ata o 2015, se vai ser rentable ou non..., asúmelo por obriga pero non están de acordo.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que apróbano por imperativo legal pero non están de acordo porque reduce o salario dos traballadores para incrementar os beneficios dos máis ricos, deteriorando as condicións de vida dos traballadores a favor dos banqueiros, estafadores e contratistas do Estado. Insiste en que se suprima a paga extra pero tamén os complementos adicionais indo aos bancos a través dos plans de pensións para enriquecelos unha vez máis.

O alcalde di que o pode entender pero non compartir, sería entendible que se destinara a servizos sociais ou a prestar servizos básicos e non ser “secuestrado” dos salarios, retirándose de circulación por dous anos, e concretamente Rianxo vaino notar xa que logo os 106.536,43 € que non van gañar eses e outros traballadores públicos tampouco vansen gastar especialmente en épocas como o Nadal, co cal veranse ver prexudicados tamén o comercio. Por algunha razón se quere seguir afondando neste camiño errado no que se atopa Portugal ou Grecia, dúas nacións asoballadas pola Unión Europea.

Non hai máis intervencións.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 11 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 5 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

5.- PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS: SOLICITUDE, APROBACIÓN E DECLARACIÓN

O Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<A Deputación Provincial de Coruña remitiu a este concello escrito (con rexistro de entrada neste concello nº. 5817), no que figuran as bases reguladoras do Plan DTC 94 unha Deputación para todos os concellos.

Os concellos poden destinar a cantidade asignada ao financiamento de distintas actuacións nos termos indicados nas bases reguladoras aprobadas polo Pleno provincial o 27/07/2012. Entre elas: obras e subministros, honorarios de redacción de proxectos, achegas a outros plans ou programas, ou financiamento dos gastos correntes do concello da anualidade 2012.

No caso deste concello, nos asignarían ata 209.103,30€.-

Neste concello a proposta presentase unicamente dirixida a execución de varias obras de interese e o financiamento dos honorarios de redacción dos proxectos de obras contratados externamente.

Os proxectos en cuestión son os seguintes:

- *“Melloras nos Parques infantís da Urbanización Martelo e do Parque Galicia”*, redactado polo arquitecto Amancio Losada Vicente, colexiado nº 1463 do COAG, cun valor estimado de 30.764,16€, e ive de 6.460,47€, sendo o orzamento total de 37.224,63€.
- *“ Melloras de viais en diversos puntos do Concello de Rianxo”*, redactado polo arquitecto Amancio Losada Vicente, colexiado nº 1463 do COAG, cun valor estimado de 42.620,70€, e ive de 8.950,35€, sendo o orzamento total de 51.571,05€.
- *“ Anteproxecto de reposición de lineas de alumado público do Polígono de Té”*, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Daniel Sineiro Fontenla, colexiado nº 1351, cun valor estimado de 35.568,10 €, e ive de 7.469,30€, sendo o orzamento total de 43.037,40€.
- *“ Saneamento en Té: conexión polígono”*, redactado polo enxeñeiro D.Guzmán Palacios Rosete colexiado, cun valor estimado de 60.058,03 €, e ive de 12.612,19€, sendo o orzamento total de 72.670,22€.

Os honorarios de redacción de proxectos que se financiarán serán:

- *“Melloras nos Parques infantís da Urbanización Martelo e do Parque Galicia”*: 1.299,17€ mailo ive do 21% que son 272,83€, o que ascende a un total de 1.572,00€.
- *“ Melloras de viais en diversos puntos do Concello de Rianxo”*, 2.502,48€ mailo ive do 21% que son 525,52€, o que ascende a un total de 3.028,00€.

Emitido informe da secretaria ao respecto.

Incorporado informe da arquitecta da asistencia técnico municipal sobre os requirimentos da Deputación Provincial.

Tratándose de obras en viais e instalacións municipais e no caso dos parques contando coa titularidade no caso da Urbanización Martelo e a autorización de Portos no caso do Parque Galicia.

Emitido informe por D. Adolfo F. Muíños Sánchez sobre a non solicitude nin percepción de achega algunha para os ditos fins.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Participar no “Plan DTC 94 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada á seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
“Melloras nos Parques infantís da Urbanización Martelo e do Parque Galicia”	37.224,63€	0,00	37.224,63€
“ Melloras de viais en diversos puntos do Concello de Rianxo”	51.571,05€	0,00	51.571,05€
“ Anteprojecto de reposición de lineas de alumado público do Polígono de Té”	43.037,40€	0,00	43.037,40€
“ Saneamento en Té: conexión polígono”	72.670,22€	0,00	72.670,22€
TOTAL	204.503,3€	0,00	204.503,3€

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Honorarios de redacción de proxectos de obras

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL	OUTRAS ACHEGAS
Melloras nos Parques infantís da Urbanización Martelo e do Parque Galicia	1.572,00€	0,00	1.572,00€	0,00
Melloras de viais en diversos puntos do Concello de Rianxo	3.028,00€	0,00	3.028,00€	0,00
TOTAL	4.600,00€	0,00	4.600,00€	0,00

C) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

Non se solicita.

D) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012

Non se solicita.

E) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	204.503,3€	0,00	0,00	204.503,3€
SUBTOTAL HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS	4.600,00 €	0,00	0,00	4.600,00 €
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS	NON	NON	NON	NON
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	NON	NON	NON	NON
TOTAL	209.103,3€	0,00	0,00	209.103,3€

Segundo: Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

Terceiro: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Cuarto: Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 27/09/2012, sendo este favorable.

O alcalde comenta a proposta dicindo que a necesidade se debe a que o do alumeadado público no polígono é para repoñer o roubado tempo atrás. O dos parques para arranxar os estragos que se produciron nas festas da Guadalupe, e os viais tamen é necesario.

Había un cuarto proxecto para o saneamento no polígono empresarial pero facía falta unhas autorizacións que terían que presentarse coa solicitude e así ese importe destinase a financiar gasto corrente, que así permitirá liberar crédito para outros fins, sen prexuízo de que o proxecto de saneamento poida acadar outras axudas para a súa execución, mesmo por SEA.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran pásalle a palabra ao Concelleiro D. José Ricardo Besada Gesto que di que votaran en contra xa que se houbo tempo para redactar os proxectos tamén o houbo para chegar a un consenso, e que xusto se retire o proxecto de maior importe para dedicar eses cartos a financiar gasto corrente. Ademais lle choca que haxa soamente dous honorarios de redacción dos proxectos.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que habería que afondar mais no por qué se retira xustamente o de maior importe. O certo é que non houbo tempo suficiente, e na documentación remitida pola Deputación se revela o pouco sentido común posto que se acordou polo Pleno a finais de xullo e chegou aquí a principios de agosto, en época estival na que é maior a dificultade en obter autorizacións doutras Admnsitracións Públicas polas vacacións do seu persoal. Por iso se tivo a prudencia de dedicar eses cartos a gasto corrente tras pórse en contacto coa Deputación que confirmou que quedarían excluídos aqueles proxectos que non se acompañaran das autorizacións. E é unha magoa que o que se precisa quede en suspenso mentres non se acaden outras axudas ou a Xunta faga esa conexión de saneamento; de calquera xeito co destinado a gasto corrente liberara crédito para financiar este e outro proxecto. En canto ao aludido polo concelleiro do PP de chegar ao consenso sería imposible xa que logo estívoise rematando os proxectos ata última hora.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que certamente á vista dos problemas para redactar os proxectos e traelos a última hora non se puido chegar a un consenso, pero tamén apunta que esta en desacordo cos criterios empregados para a distribución deste Plan, considerando mais acertados os criterios do POS que beneficia aos pequenos concellos ou os medianos que son os que menos recursos dispoñen. E isto é o que hai dende unha institución que fai valer estas prácticas e rexeitable nunha Deputación que debe principalmente auxiliar aos pequenos concellos, collemos o que nos dan pero non o ve equitativo.

O alcalde remata a intervención engadindo que con esta distribución do Plan DTC acadase unha ganancia de 900% mais para o Concello de A Coruña, 300% mais o de Ferrol e de xeito semellante gana o de Santiago en detrimento dos pequenos concellos, polo que os concellos da comarca deberían queixarse na formular de reparto. Defende as obras e a mellora do vial Capela-Ourille-Araño posto que é fundamental que se ben esta fora da rede da

Deputación son moi empregados polos veciños. O proxecto correspondente ao parque empresarial é necesario – indesexable porque cómpre restituílo por terse roubado-; e proxecto dos parques infantís tamén é imprescindible pola poboación moza que hai neste concello, sen prexuízo de que haberá que chegar a medidas antivandálicas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 11 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 5 do PSOE), 0 abstencións e 5 votos en contra (dos 5 membros do PP), dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

6.- RATIFICACION RELATIVA AO PROGRAMA DE EMPREGO- XUNTA - DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA 2012: CONCESIÓN POLO CONCELLO DE RIANXO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ADSCRICIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO

O Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<En relación a este asunto cómpre partir do texto da Resolución adoptada no prazo esixido pola Deputación Provincial, cuxo texto literal é o que segue:

Decreto nº 509/2012

A Deputación Provincial de A Coruña comunicou a este concello a existencia dun Plan de Contratación de persoas desempregadas para realizar no seu ámbito xeográfico pequenas obras de mantemento ou limpeza, execución de pequenas obras municipais, mantemento de infraestruturas viarias, limpeza de viales urbanos, áreas verdes, etc. de titularidade municipal. Asemade remitiuse modelo de solicitude de adscrición ao Plan Provincial de Emprego 2012 no que figura a encomenda á Deputación Provincial para a realización das tarefas solicitadas, e compromiso de subministrar maquinaria, ferramentas, materiais que se indiquen na memoria.

Baseado, segundo se indica, nun Convenio de colaboración asinado o 11/07/2012 entre o presidente da Deputación de A Coruña, Diego Calvo, e a Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, para a contratación de persoas desempregadas, co obxectivo de garantir a continuidade, a estabilidade e a sustentabilidade das políticas de emprego no medio local.

Esta Alcaldía formulou solicitude dos traballos que interesaría que executara a devandita brigada da Deputación Provincial.

O día 18/09/2012 recibíuse unha circular do Deputado de Promoción económica, no que comunica as actuacións que se declaran Aptas por este programa e se require a remisión da Resolución de Alcaldía asumindo unha serie de compromisos, dando oito días naturais para a presentación do Modelo de adhesión a presentar antes do 29/09/2012.

Visto o informe de secretaria do 19 de setembro de 2012 sobre a falta de documentación no expediente para pronunciarse sobre a encomenda de xestión á Deputación Provincial, o que acontece asemade no relativo ao Plan Provincial de Emprego.

Estimándose de interese para este concello efectuar a mencionada encomenda de xestión e adscrición ao Plan Provincial de Emprego segundo o modelo de adhesión remitido, xa que logo, tanto por motivos económicos ante a crise existente como pola imposibilidade de contratar novo persoal ou levar a tramite procesos selectivos segundo determina o RD. 20/2011, hai actuacións que non se poden desenvolver cos medios persoais existentes, sendo menor o custo dos compromisos (dispoñer dun local, dun vehículo, ferramentas, material...)

Polo exposto, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Encomendar á Deputación Provincial da Coruña a realización das tarefas declaradas aptas por esta ao abeiro do Programa de Emprego Xunta- Deputación da Coruña, participando no Plan Provincial de Emprego 2012.

Segundo.- Asumir os compromisos que se indican deseguido:

- Designar un interlocutor válido que sexa o contacto ideal ente o propio Concello de cara a execución dos proxectos solicitados, e as cuadrillas de traballadores contratados pola Deputación de A Coruña.
- Facilitar un local adecuado para que as cuadrillas de traballadores contratados pola Deputación de A Coruña, poidan cambiarse de roupa e, no seu caso, gardar os equipos que estén utilizando para realizar as tarefas descritas nas memorias presentadas.
- Dispor dun vehículo que permita o desprazamento polo Concello desas cuadrillas de traballadores, que en ningún caso serán de máis de cinco persoas, para poder realizar esas tarefas no lugar correspondente, durante a realización do proxecto.
- Subministrar a maquinaria, a ferramenta, o equipamento e os materiais precisos para a realización das tarefas solicitadas segundo a memoria presentada.
- Aportar un aula de formación axeitada, con capacidade para 25 persoas, no caso de que a desexen que a formación inicial sexa impartida no propio Concello para minimizar os desprazamentos dos desempregados.

Terceiro: Remitir á Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos antes do remate do prazo o día 29/09/2012.>>

En virtude do informado, esta Alcaldía somete ao Pleno corporativo para a súa aprobación por maioría absoluta do número legal de membros da corporación, o seguinte ACORDO:

(único) Ratificar a Resolución nº 509/2012, do 24 de setembro no seu contido íntegro.

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 27/09/2012, sendo este favorable.

O alcalde comenta a proposta, na que concededen unha cuadrilla con igual número de compoñentes que para o resto dos concellos (1 tractorista e 3 peóns) pero todo é ben recibido; desexaría que foran contratados polo concello traballando con eles cóbado con cóbado pero na actual situación isto é o que hai.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que están de acordo que se contraten traballadores pero non mentres o informe de secretaría non sexa favorable.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que o van apoiar que é algo ao que hai que recorrer porque non se pode contratar persoal laboral temporal en virtude do RD. 20/2011 e porque hai obras que o precisan aínda que o concello ten que aportar material, vehículo, ferramentas, aula de formación...Aínda así vainno aprobar.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que van a aprobar esta "esmola" xa que non se van contratar polo concello senón que a Deputación vai contratar xente que van mandar, traballadores que se integrarán na brigada do concello e agradece o traballo ao persoal municipal para poder chegar a tempo para incorporarse a este programa.

O alcalde di que debido ao prazo de tempo para aceptala concesión da cuadrilla era difícil de adoptar en oito días naturais. Quere aclarar que cree que realmente a secretaria o que informa é sobre a tramitación do expediente de encomenda de xestión. A deputación remite aos concellos un modelo para facer a encomenda por Resolución da Alcaldía pero o compe-

tente nesta materia é o pleno. Se esto fora gravoso para o concello non tramitaría a ratificación pero facilitando catro traballadores non van a deixalo pasar senon aceptalo porque é necesario.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 11 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 5 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA coa maioría absoluta**, nos termos desta

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

Pide intervir a voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran que explica que non van a tratar as mocións xa que logo non se está atendendo polos propoñentes ao acordo de cordialidade ao que se chegou entre todos os grupos municipais para que se presentaran con tempo e así poder preparar as respostas polos demais, motivo polo que abandonan o pleno.

Sendo as 20:55 horas abandonan o salón de plenos os cinco concelleiros do grupo municipal do Partido Popular: M^a Vanesa Martínez Duran, Jose Ricardo Besada Gesto, M^a De Las Nieves Vicente Varela, e Jose Luis Castiñeiras Lesende.

O alcalde quere facer constar que as propostas estaban no expediente e que se remitiron por correo electrónico o día 26 de setembro.

7.1.- ETIQUETAXE OBRIGATORIA DOS PRODUCTOS GALEGOS DO MAR PARA CONSERVA OU TRANSFORMACIÓN (RXE nº 6967, do 25/09).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns comenta a proposta.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P. por ausentarse do salón de plenos), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<Exposición de Motivos

Galiza é a primeira potencia europea na produción de mexillón. Esta actividade produtiva ten un importante encaixe noutros segmentos da economía do noso país, e é quen de xerar aproximadamente 20.000 postos de traballo. Así, as preto de 3.400 bateas fondeadas nas nosa rías, ordenadas en 47 polígonos, provocan, vinculado ao traballo extractivo, a existencia de máis de 1.250 embarcacións auxiliares (co impacto positivo que supón na industria de construción naval, reparacións e repostos), 32 empresas depuradoras, 11 cocedoiros, 29 empresas conserveiras coa utilización do mexillón como materia prima, así como un número indeterminado de empresas de subministración

diversa, aseguradoras, cordelarias, industria da madeira, transporte, comercialización e servizos en xeral, directamente implicadas na produción do mexillón.

Non obstante, e malia á aparente fortaleza económica xa descrita, o sector mexilloeiro galego enfróntase a unhas dificultades que poden ameazar a súa propia viabilidade de futuro.

Aínda que o mexillón producido en Galiza conta cunhas inmejorábeis condicións obxectivas, e cun prestixio internacionalmente recoñecido, debido precisamente á súa orixe galega (en si mesmo este é un valor recoñecido no mercado interior e foráneo), a cantidade e calidade da vianda que incorpora, as garantías sanitarias, o proceso de elaboración, a súa limpeza, o volume de produción, etc., está a padecer un grave problema vinculado ao intento de ocultación desa mesma procedencia.

De feito, hai xa tempo que se está a evidenciar a progresiva (e nos últimos tempos acelerada) substitución de mexillón galego destinado á industria conserveira por outro foráneo, fundamentalmente chileno, a través da importación. Trátase de prácticas comercialmente fraudulentas, fundamentadas nunha competencia desleal que induce á confusión deliberada ás persoas consumidoras a través de etiquetaxes enganosas, co obxecto de se aproveitaren do prestixio adquirido polo mexillón galego.

Neste contexto, o Parlamento europeo aprobou o 12 de setembro pasado o documento da *Organización Común de Mercado (OCM) dos produtos da pesca e da acuicultura*, chamado Informe Stevenson, a inserir na futura Política Común de Pesca da UE, que establecerá as regras para este sector produtivo no período 2014-2020. O Parlamento Europeo -coa oposición do BNG- aprobou unha emenda presentada pola deputada Carmen Fraga, do Partido Popular, que suprimía a existencia -inicialmente contemplada no documento da Comisión de Pesca- de incluír a orixe do produto e a súa denominación comercial na etiquetaxe das conservas.

Pretende así a normativa impulsada polo PP, a legalización desa competencia desleal, e convértese nunha auténtica bomba de relojería para o sector mexilloeiro galego. Non é de recibo que unha representante "galega" no Parlamento Europeo deserte da súa responsabilidade co noso país e acúe ao servizo doutros intereses e doutros países.

Trátase, daquela, dun duplo problema: Atínxese ao consumo, por fraude e engano a quen pretende mercar mexillón galego cando non o é, mais tamén ao sector produtivo, que observa como paulatinamente se despraza a súa produción por outra de fóra.

Consumidoras e consumidores teñen dereito a coñecer a orixe dos produtos que adquiren. Sobre todo cando falamos de alimentación humana. Máis tamén o sector mexilloeiro galego posúe o dereito a vivir dignamente do seu traballo, producindo e comercializando un produto único, extraordinario, que é quen de xerar 20.000 postos de traballo que hoxe se encontran ameazados.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para que, no trámite de aprobación definitiva do documento *Organización Común de Mercado (OCM) dos produtos da pesca e da acuicultura*, defenda a inclusión obrigatoria nas etiquetaxes da procedencia dos produtos galegos do mar.

2.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento Galego.>>

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo di que están de acordo e teñen a seguridade de que a eliminación desta etiquetaxe se propuxo por unha deputada galega, D^a Carmen Fraga, fronte ao parecer doutro deputado que defendeu o seu mantemento, D. Antolín Sánchez Precedo, e polo tanto soamente poden apoiar esta moción.

O alcalde di que tendo en conta do que vive o 20% da poboación actual de Rianxo cunha produción pequena tanto mexiloeira como marisqueira en xeral debe apoiarse a moción.

Rematado o debate, sométese a **moción** a VOTACIÓN, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P. por ausentarse

do salón de pleno), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

7.2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG PARA A DEFENSA DOS DEREITOS DAS MULLERES E DA LIBRE DECISIÓN SOBRE A SÚA MATERNIDADE. (RXE nº 6919, do 24/09).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns comenta a proposta.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P. por ausentarse do salón de plenos), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de setembro celebrouse o Día Mundial da Saúde Sexual. Segundo a OMS a saúde sexual é “un estado de benestar físico, emocional, mental e social, relacionado coa sexualidade, non só a ausencia de enfermidade, disfunción ou incapacidade”. Para que se acade e manteña a saúde sexual, os dereitos sexuais de todas as persoas deben ser respectados, protexidos e exercidos con plenitude.

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, garante para as mulleres a libre decisión sobre a súa maternidade, unha parte fundamental dos dereitos sexuais. O Goberno do Estado vén de manifestar a súa decisión política de recortar de xeito moi grave ese dereito. O BNG tense manifesto en numerosas ocasións en contra deste recorte anunciado, igual que o teño feitos numerosas plataformas e organizacións de mulleres en Galiza e no Estado. O BNG ten asemade reclamado a necesidade de que o Goberno galego elabore unha normativa propia que manteña estas garantías malia a modificacións que se fagan na normativa estatal.

O 28 de setembro celébrase en Lationamérica dende 1990 o Día de Acción Global para un aborto legal, celebración á que este ano 2012 sumarémonos tamén en Galiza. Con motivo destas celebracións, é preciso que novamente as institucións manifesten claramente o seu apoio ao mantemento deste dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo garantido coa lei actual de prazos.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

2. Demandar do Goberno galego que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita Lei.

3. Demandar do Goberno galego o desenvolvemento dunha normativa propia que garanta os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres galegas.

4. O Concello apoia as iniciativas e mobilizacións reivindicativas dos dereitos das mulleres realizadas polas diferentes plataformas e asociacións actúantes en Galiza e concretamente as convocadas para o 28 de setembro.

5. Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do goberno do Estado.>>

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns comunica a convocatoria dun acto de apoio para mañá en relación con esta moción.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo di que é importante a liberdade das mulleres para que decidan da súa maternidade acompañado da suficiente formación.

Rematado o debate, sométese a **moción** a VOTACIÓN, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P. por ausentarse do salón de pleno), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

7.3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG PARA A IMPUGNACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 24/2012 QUE LEGALIZA A FRAUDE DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES. (RXE nº 6918, do 24/09).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns comenta a proposta.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P. por ausentarse do salón de plenos), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<Exposición de Motivos

O Real Decreto-Lei 24/2012, de 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito supón a legalización da estafa das participacións preferentes, na que foron vítimas milleiros de persoas subscritoras, en moitos casos pequenas e pequenos aforradores, deste produto financeiro.

O devandito Real Decreto-Lei concédelle poderes excepcionais ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), creando unha lexislación a propósito e especialmente para que poida reestruturar o sector financeiro ao seu arbitrio, mesmo aínda que sexan entidades solventes. De acordo con esta norma, só se salvarán as entidades sistémicas, os grandes bancos de ámbito estatal, co que se abre a vía á liquidación da entidade sistémica para Galiza, NGBanco, procedente da fusión das caixas de aforros galegas, cuxo futuro resulta imprescindible para evitar o espolio do noso aforro.

Ademais, en base ás facultades excepcionais concedidas ao FROB, permite que dito Fondo poida mudar unilateralmente as condicións pactadas nas participacións preferentes ou outros instrumentos financeiros análogos contratados, mesmo impondo cambios obrigatorios por outros produtos financeiros, co que as persoas subscritoras de participacións preferentes poden ter que asumir perdas de até un 70% a respecto do valor inicial desas participacións e só poderán percibir polos seus activos o valor de mercado máis como máximo un 10%. Dese xeito, como xa se adiantara no Memorando asinado coa UE para percibir as axudas dirixidas a reestruturar o sector financeiro do Estado español, o Goberno asume que pequenas e pequenos aforradores teñan que sufragar unha parte do rescate da banca privada, situándose así claramente do seu lado e virándolle as costas ás vítimas desta fraude.

Xa que logo, está a legalizarse a expropiación dos cartos na súa maior parte de persoas aforradoras, non de especuladores, a través dunha estafa cometida pola banca co engano masivo do que noso concello e en Galiza foron vítimas miles de persoas pequenas aforradoras.

Non só se consolida así a estratexia de sanear as perdas da banca privada con fondos públicos de toda a sociedade, senón que se afonda en deixar libres de toda culpa aos especuladores, ás per-

soas e entidades que realmente desenvolven unha economía de casino que está na raíz da actual crise, mentres se castiga a quen simplemente mantiña depósitos aforrados nas entidades financeiras.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a interpor recurso de inconstitucionalidade contra o Real Decreto-Lei 24/2012, do 31 de agosto.

2. Instar á Xunta de Galiza a personarse na demanda interposta pola Fiscalía Superior de Galiza, apoiando as súas pretensións.

3. Instar ao Goberno do Estado a que exclúa ás persoas aforradoras subscritoras de participacións preferentes ou débeda subordinada das quitas ou canxes obrigatorios previstos no RD-Lei 24/2012.

4. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a adoptar as medidas precisas para garantir a devolución íntegra do investido ás persoas aforradoras en participacións preferentes e débeda subordinada en entidades financeiras.

5. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo di que a demanda plantexada pola Fiscalía da Comunidade Autónoma o pasado 3 de xullo da resposta á dramática situación que a comercialización masiva de Preferentes ten provocado en máis de 43 mil familias galegas.

A Xunta de Galicia non ten plantexado ningunha proposta diante do FROB (dono do banco) nin diante da Comisión Europea cara a resolución deste drama humano que está a colocar aos afectados nunha situación desesperada.

A vía a curto prazo – que nos defendemos – para dar carpetazo a este problema ten que vir das modificacións das condicións estritas que regulan a axuda financeira ás entidades nacionalizadas, permitindo que o troco das preferentes se faga en depósitos de prazo fixo garantindo o 100% nominal, ou da obtención nos Tribunais do Estado Español dunha sentenza xudicial que declare nulas as cláusulas que regulan os contratos Preferentes.

Así, apoiamos a demanda colectiva plantexada pola Fiscalía Superior de Galicia para a obtención dunha resolución xudicial que poña fin á situación descrita, en beneficio e defensa dos intereses dos miles de galegos que, non tendo a condición de inversores, foron enganados, non informados axeitadamente ou non se lles advertiu dos riscos que supoña a contratación de Participacións Preferentes.

Rematado o debate, sométese a **moción** a VOTACIÓN, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P. por ausentarse do salón de pleno), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

7.4.- FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS - FAGAL - DECLARACIÓN DE LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZEHEIMER PRESENTADA NESTE CONCELLO O DÍA 19 DE SETEMBRO (RXE nº 6814).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O alcalde comenta a proposta que é mais ben unha declaración institucional.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P. por ausentarse do salón de plenos), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<Conscientes de que o Alzheimer é a demencia con maior prevalencia que afecta en Galicia a 400.000 de persoas entre enfermos e familiares e que, debido ao aumento de esperanza de vida da poboación, nos próximos vinte anos verá duplicada a súa incidencia, sendo este un problema especialmente grave en Galicia polo especial avellentamento e dispersión da poboación.

Conscientes de que o Alzheimer é un problema socio-sanitario debido á inexistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención.

Conscientes de que a abordaxe desta enfermidade que ten un custo anual medio de máis de 30.000 euros recae principalmente nas familias e que a dotación de recursos socio-sanitarios específicos para afrontar as necesidades das persoas enfermas e das súas familias é escasa.

Conscientes de que, a pesar das diferentes recomendacións formuladas dende o diversos órganos nacionais e internacionais e do recoñecemento da importación desta problemática na comunidade galega mediante a declaración do **ano 2012 Ano Galego do Alzheimer**, non existe un plan autonómico especificamente dirixido a paliar os efectos desta enfermidade.

E sabedores/as de que a poboación da nosa localidade está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo Alzheimer)

O concello quere facer constar o seu compromiso con este problema de primeira magnitude declarándose **“Localidade Solidaria co Alzheimer”**.

Con este xesto institucional queremos servir de exemplo a outros municipios e apoiar á sensibilización e concienciación da sociedade, institucións e cargos públicos sobre este problema socio-sanitario de primeira magnitude.

Ratificando esta Declaración, o noso municipio como “Localidade Solidaria co Alzheimer”, apoia a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha Política de Estado de Alzheimer.>>

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo di que é importante este xesto do concello fronte á ausencia dun plan estatal que lle dé cobertura a esta enfermidade.

Rematado o debate, sométese a **moción** a VOTACIÓN, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P. por ausentarse do salón de pleno), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Entrado neste punto non se presenta ningún.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:08 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PÚBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:10 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo